



# Ama e Camiña en Comunidade

Día da Caridade 2026

A celebración deste día de *Corpus Christi* de 2026 é completamente singular, porque coincidirá coa visita do Papa León XIV á nosa Igrexa en España. Aínda que non poidamos estar presentes na Praza da Cibeles en Madrid, faremos igualmente unha experiencia singular de estar e vivir na gran unidade da Igrexa, particularmente visible a pesar das distancias físicas. O lema desta viaxe papal é: *alzade a mirada!* E é moi apropiado para esta festividade, que, coa solemne procesión polas rúas da nosa cidade, invítanos a alzar a mirada a Cristo, realmente presente no Santísimo Sacramento.

Alcemos a mirada cara ao Señor, que veu ao noso encontro, amounos e rescatounos do mal e do absurdo, e permanece ao noso lado, como sostén, amigo, mestre.

Non miramos hoxe cara a nós mesmos, nin cara ás estruturas eclesiásticas, nin cara ás nosas mesmas comunidades, e nin sequera cara ao Papa León XIV. Contemplamos o Señor Xesús, ao gran misterio do seu Corpo e do seu Sangue, no que se entrega por nós.

Este amor radical de Deus feito home asegúranos o ben mesmo de existir, nós mesmos e o noso próximo, todo o que foi creado. E énchenos dunha esperanza que non defrauda, capaz de paciencia, de entrega e de traballo.

Esta mirada a Xesús Sacramentado renova sempre mentes e corazóns, os nosos criterios de xuízo. Sabéndonos amados así polo Señor, estamos no mundo doutro xeito; podemos amar como El ama, en comunión con El. Non xulgaremos por aparencias, non faremos discriminacións por razón de poder, gloria ou riqueza deste mundo; non aceptaremos ao egoísmo como guía. Non apartaremos a cara ante o irmán, sempre necesitado de vida, de plenitude, de felicidade; e tantas veces necesitado de respecto, de atención aos seus dereitos, da satisfacción de necesidades elementais.

Veremos o anhelo de cada un e, moi especialmente, os padecementos de quen sofre situacións inxustas, abandono, soidade ou enfermidades. Non consideraremos alleo, senón próximo, ao que nos necesita, ao que pon a súa esperanza na nosa axuda, na da nosa comunidade cristiá. Faremos do respecto e do coidado, da caridade, lei da vida.

A semente do Amor do Señor, a súa presenza na Eucaristía, entrando nos nosos corazóns, mantén viva esa gran comunión, que abraza a cada un e non exclúe a ninguén, que supera mesmo os límites da morte. El fai posible unha fraternidade verdadeira entre nós, aínda que sexamos pecadores, e que abarca mesmo a quen nos precedeu na vida, a quen podemos axudar coa nosa oración e que interceden por nós.

Alcemos a mirada a Xesús Sacramentado, xunto a León XIV e a toda a Igrexa universal. Vivamos a comunión que o Señor nos dá, nada e sostida pola súa caridade infinita, camiñemos como comunidade. Fagamos presente na nosa terra unha fraternidade que sería impensable doutro xeito, ofrecida a todos, capaz de vir ao encontro de quen o necesita.

A celebración do *Corpus Christi* é a proclamación da nosa esperanza neste mundo e para sempre, da razón da nosa alegría, dunha graza divina que está connosco todos os días e permítenos dar froitos de vida, de caridade, xustiza e paz.

Alzando a mirada, máis aló de nós mesmos, crendo e adorando o misterio da Eucaristía, facemos de novo un xesto profundo de liberdade: aceptamos ser amados por Deus e eliximos amar, eliximos a comunión, a comunidade real na nosa Igrexa. Proclamemos pois neste día con firmeza a nosa fe no Santísimo Sacramento.

Encomendémoslle particularmente o ministerio do Papa León XIV e os froitos desta visita á nosa terra. E pidámoslle pola paz nestes tempos nosos tan revoltos; pola paz nas nosas casas, nas nosas parroquias e cidades, na nosa sociedade e no mundo enteiro.

¡Feliz festa de *Corpus Christi*!

+Alfonso,  
Bispo de Lugo